CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

**Resolución de Alcaldía**

**Expediente:** 2020/A001/000006

**Asunto**: Corrección de erro e modificación do ámbito territorial para a selección do persoal directivo, docente e administrativo.

ANTECEDENTES

16/11/2020. Resolución 463/2020 da Alcaldía pola que se aproban as bases para a selección do alumnado – traballador, así coma do persoal directivo, docente e administrativo de apoio, participante no proxecto de obradoiro dual de emprego “MAIS 2020”

26/11/2020. Acordo da Comisión de Valoración no que se propón a corrección de erros e modificación do ámbito de selección do persoal docente

26/11/2020. Informe da Secretaría - Intervención

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

**Primeira.-** O artigo 10.1 da Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 dispón que a selección do alumnado – traballador, así como a do persoal directivo, docente e administrativo de apoio participante no proxecto será realizada pola entidade promotora do obradoiro mediante un procedemento específico regulado mediante a instrución da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e acriterios de igualdade e obxectividade.

**Segunda.-** O artigo 109.2 establece que as Administracións Públicas poderán, asimesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

O primeiro parágrafo que inicia as bases de selección dispón que “O Obradoiro de Emprego “MÁIS2020” é un programa mixto de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaoito ou máis anos de idade, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e promovido polo Concello da Baña e conveniado cos concellos de Val do Dubra, Negreira e Santa Comba”. Non obstante, non se trata dun programa cofinanciado polo Fondo Social Europeo, incluíndose erróneamente dita referencia, polo que debe corrixirse a mesma mediante a súa supresión.

**Terceira.** O punto 5º das bases para a selección do alumnado traballador e persoal directivo, docente e administrativo de apoio do Obradoiro de Emprego Dual “MAIS 2020” dispón que a comisión de selección queda facultada para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso de selección e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

**Cuarta.-** Postas de manifesto dificultades para a selección do personal docente que imparta os certificados de profesionalidade aprobados no citado obradoiro, no ámbito territorial establecido no punto 3º das bases de selección, a Comisión acordou propoñer a modificación do ámbito na seguinte orde:

- Concellos participantes
- Concellos limítrofes pertencentes ás dúas entidades xestoras de Santiago de Compostela

FIRMADO POR José Antonio Pereira Gil (FECHA: 26/11/2020 15:13:00) , María (FECHA: 26/11/2020 15:14:00)
Decreto Nº: 487/2020 - Fecha de decreto: 26/11/2020
Versión imprimible
CVD: gLb7GORgF/LUOiRRhRQ0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Ámbito provincial

- Ámbito autonómico

En virtude do exposto, e de conformidade co establecido no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local e demais disposición concordantes

RESOLVO

**Primeiro.-** Corrixir o erro advertido no parágrafo que inicia as bases de selección do alumnado traballador e persoal directivo, docente e administrativo de apoio ao Obradoiro de Emprego Dual "MAIS 2020", de xeito que o mesmo quede redactado nos seguintes termos:

"O Obradoiro de Emprego "MÁIS2020" é un programa mixto de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaoito ou máis anos de idade e promovido polo Concello da Baña e conveniado cos concellos de Val do Dubra, Negreira e Santa Comba".

**Segundo.-** Modificar o ámbito de selección do persoal directivo, docente e administrativo que se recolle no punto 3 das bases de selección do alumnado traballador e persoal directivo, docente e administrativo de apoio ao Obradoiro de Emprego Dual "MAIS 2020", que pasará a ser o seguinte:

"O ámbito da sondaxe será os Concellos da Baña, Val do Dubra, Negreira e Santa Comba, ampliándose, no caso de non obterse os / as candidatos / as suficientes aos outros concellos do ámbito territorial da oficina de emprego á que pertencen os catro concellos participantes, de ser necesario a toda a provincia e finalmente, de ser preciso ao ámbito autonómico"

**Terceiro.-** Remitir á Xefatura Territorial de Emprego da Coruña a documentación pertinente

**Cuarto.-** Dar conta deste acordo ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre

A Baña, na data da sinatura dixital

José Antonio Pereira Gil, alcalde

María Pardo Quintana, secretaria - interventora

FIRMADO POR José Antonio Pereira Gil (FECHA: 26/11/2020 15:13:00) , María (FECHA: 26/11/2020 15:14:00)
Decreto Nº: 487/2020 - Fecha de decreto: 26/11/2020
Versión imprimible
CVD: gLb7GORgF/LuOiRRhRQ0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.